ANEXO I

Baremo para a valoración de méritos: sistema xeral de acceso.

Méritos	Puntos	Documentos xustificativos
I. Traxectoria profesional.	Ata 3	
1.1.1. Por cada ano de experiencia docente, que supere os seis esixidos como requisito, como funcionario de carreira dos corpos que integran a función pública docente.	0,500	Folla de servizos certificada pola xefatura territorial correspondente.
1.1.2. Por cada ano de servizos en postos da administración educativa de nivel 26 ou superior.	0,500	Fotocopia compulsada do nomeamento e, se é o caso, do cesamento
1.2. Por pertencer aos corpos de catedráticos.	2,000	Fotocopia compulsada do Título administrativo ou credencial, ou, se é o caso, fotocopia simple do Boletín Oficial no que apareza o nomeamento.
Por este apartado só se valorarán como máximo cinco anos posteriores aos seis anos de exercicio profesional esixidos pola convocatoria.		
II.- Exercicio como inspector accidental	Ata 2,000	Fotocopia compulsada do nomeamento acompañado da toma de posesión e, se é o caso cese, ou folla de servizos expedida pola xefatura territorial correspondente
Por cada ano de servizos en postos de inspector ou inspectora accidental, sempre que se accedera ao posto mediante concurso público de méritos	0,750	
III.- Exercicio de cargos directivos e de coordinación didáctica	Ata 3	
3.1. Por cada ano como director ou directora dun centro público, con avaliación positiva, cando se realizara, ou como director ou directora dun centro de	0,750	Fotocopia compulsada do nomeamento, con expresión da duración do cargo e, se é o caso,

formación e recursos.		do cesamento.
3.2. Por cada ano de exercicio da vicedirección, xefatura de estudos, secretaría, administrador ou administradora, profesor ou profesora delegada nas seccións de formación profesional ou outros análogos	0,500	Fotocopia compulsada do nomeamento, con expresión da duración do cargo e, se é o caso, do cesamento.
3.3. Por cada ano como xefe de departamento, coordinador de ciclo na educación primaria, xefe de división, xefe de departamento de normalización e dinamización lingüística, coordinador de área. Asesor de formación permanente ou figuras análogas, así como director de agrupacións de lingua e cultura españolas	0,100	Fotocopia compulsada do nomeamento, con expresión da duración do cargo e, se é o caso, do cesamento.
IV. Preparación científica e didáctica e outros méritos	Ata 2,000	
4.1. Preparación científica e didáctica	Ata 0,700	
4.1.1. Por cada titulación superior distinta á esixida para acceder ao corpo	0,150	Fotocopia compulsada do título.
4.1.2. Por publicacións de carácter científico ou didáctico	Ata 0,500	Aquelas publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN, en virtude do disposto polo Decreto 2984/72, do 2 de novembro, ou se é caso, ISSN ou ISMN, carezan del, non serán valoradas, así como aquelas en que o autor sexa o autor delas. No caso de libros os exemplares correspondentes, así como certificado da editorial onde conste o número de exemplares e que a difusión destes foi en librerías comerciais. Para a valoración de libros editados polas universidades, organismos ou entidades públicas, será necesario achegar certificación na que conste a distribución destes. No caso de revistas, certificación na que conte o número de expemplares, lugares de

		distribución e venda, ou asociación científica ou didáctica, legalmente constituída, a que pertence a revista. Nos supostos en que a editorial ou asociación desapareceran, o dito estremo terá que xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito. No caso de publicación que só se dea en formato electrónico, presentarase un informe oficial no que o organismo emisor certificará que a publicación aparece na base de datos bibliográfica. Neste documento indicarase a base de datos o título da publicación, os autores, a revista, o volume, o ano e a páxina inicial e final.
4.2.- Preparación específica para o exercicio da función inspectora. 0,01 punto por cada 10 horas de formación	Ata 0,500	Fotocopia compulsada das actividades de formación convocadas por administracións educativas ou homologadas especificamente relacionadas coa función inspectora.
4.3. Coñecementos de idiomas	Ata 0,300	
4.3.1. Por cada titulación universitaria superior de idiomas	0,200	Fotocopias compulsadas ou cotexadas dos títulos que se posúen ou, se é o caso, os certificados de estudos e de ter abonado os dereitos de expedición dos títulos
4.3.2.- Por cada certificado de nivel avanzado ou equivalente de Escolas Oficiais de Idiomas ou polo curso de especialización de galego	0,100	Fotocopias compulsadas ou cotexadas dos títulos que se posúen ou, se é o caso, os certificados de estudos e de ter abonado os dereitos de expedición dos títulos